





A Mensaxe de
SILO

Título: A MENSAXE DE SILO

© 2007. Silo

© 2015. Ediciones León Alado

Traducción: José Álvarez Crucio

Revisión traducción: Iria Taibo Corsanego

I.S.B.N.: 978-84-19604-49-1

Depósito legal: M-12690-2026

Ediciones León Alado

<http://www.edicionesleonalado.net>

e-mail: info@edicionesleonalado.net

A MENSAXE DE SILO

Nota dos impresores.

A Mensaxe dada por Silo en xullo de 2002 consta de tres partes: o Libro; a Experiencia e o Camiño.

O Libro é coñecido desde hai tempo como «A Mirada Interna».

A Experiencia está exposta a través de oito cerimoniais.

O Camiño é un conxunto de reflexións e suxestións.

Nesta recompilación está a Mensaxe completa. Circula impresa e a través das redes informáticas.



A MENSAXE
DE SILO



O LIBRO



I. A MEDITACIÓN

1. Aquí cóntase como o sen-sentido da vida é convertido en sentido e plenitude.
2. Aquí hai alegría, amor ao corpo, á natureza, á humanidade e ao espírito.
3. Aquí renégase dos sacrificios, do sentimento de culpa e das ameazas de ultratumba.
4. Aquí non se opón o terreo ao eterno.
5. Aquí fálase da revelación interior á que chega todo aquel que coidadosamente medita en humilde procura.



II. DISPOSICIÓN PARACOMPRENDER

1. Sei como te sentes porque podo experimentar o teu estado, pero ti non sabes como se experimenta o que digo. Por conseguinte, se che falo con desinterese daquilo que fai feliz e libre ao ser humano, vale a pena que tentes comprender.
2. Non penses que vas comprender discutindo comigo. Se cres que contrariando isto o teu entendemento se aclara, podes facelo, mais non é ese o camiño que corresponde neste caso.
3. Se me preguntas cal é a actitude que convén, direiche que é a de meditar en profundidade e sen apuro o que che explico aquí.

4. Se replicas que tes cousas máis urxentes nas que ocuparte, responderei que, sendo o teu desexo durmir ou morrer, non farei nada para opoñerme.
5. Non argumentes tampouco que che desagrada o meu xeito de presentar as cousas porque iso non o dis da cascando o froito te agrada.
6. Expoño do xeito que me parece conveniente, non do que sería desexable para quen aspira a cousas afastadas da verdade interior.

III. O SEN-SENTIDO

En moitos días descubrín este gran paradoxo: aqueles que levaron o fracaso no seu corazón puideron alumar o último triunfo, aqueles que se sentiron triunfadores quedaron no camiño como vexetais de vida difusa e apagada. En moitos días cheguei eu á luz desde as escuridades máis mestas, guiado non polo ensino senón pola meditación.

Así dixeran para min o primeiro día:

1. Non hai sentido na vida se todo termina coa morte.
2. Toda xustificación das accións, sexan estas desprezables ou excelentes, é sempre un novo soño que deixa o baleiro por diante.

3. Deus é algo non seguro.
4. A fe é algo tan variable como a razón e o soño.
5. «O que un debe facer» pode discutirse totalmente e nada vén definitivamente en apoio das explicacións.
6. «A responsabilidade» do que se compromete con algo non é maior que a responsabilidade daquel que non se compromete.
7. Móvome segundo os meus intereses e isto non me converte en covarde, pero tampouco en heroe.
8. «Os meus intereses» non xustifican nin desacreditan nada.
9. «As miñas razóns» non son mellores nin peores que as razóns doutros.

10. A crueldade arrepiame pero non por iso, e en si mesma, é peor ou mellor que a bondade.
11. O dito hoxe, por min ou por outros, non vale mañá.
12. Morrer non é mellor que vivir ou non nacer, mais tampouco é peor.
13. Descubrín, non por ensinanza, senón por experiencia e meditación, que non hai sentido na vida se todo termina coa morte.



IV. A DEPENDENCIA

O día segundo.

1. Todo o que fago, sinto e penso non depende de min.
2. Son variable e dependo da acción do medio. Cando quero cambiar o medio ou o meu «eu», é o medio o que me cambia. Entón busco a cidade ou a natureza, a redención social ou unha nova loita que xustifique a miña existencia... En cada un deses casos, o medio lévame a decidir por unha ou outra actitude. De tal maneira os meus intereses e o medio aquí me deixan.
3. Digo entón que non importa que ou quen decide. Digo nesas ocasións que teño que vivir, xa que estou en situación de vivir. Digo todo isto, pero non hai nada que o xustifique. Podo decidirme,

vacilar ou permanecer. De todas as maneiras, unha cousa é mellor que outra, provisoriamente, pero non hai «mellor» nin «peor», en definitiva.

4. Se alguén me di que aquel que non come morre, respondereille que así é, en efecto, e que está obrigado a comer aguilloado polas súas necesidades, pero non engadirei a isto que a súa loita por comer xustifica a súa existencia. Tampouco direi que isto sexa malo. Direi, con sinxeleza, que se trata dun feito individual ou colectivamente necesario para a subsistencia, pero sen sentido no momento en que se perde a última batalla.
5. Direi, ademais, que me solidarizo coa loita do pobre e do explotado e do perseguido. Direi que me sinto «realizado» con tal identificación, pero comprenderei que nada xustifico.

V. SOSPEITA DO SENTIDO

O día terceiro.

1. Ás veces adianteime a feitos que logo sucederon.
2. Ás veces captei un pensamento afastado.
3. Ás veces describín lugares que nunca vi-sitei.
4. Ás veces contei con exactitude o sucedido na miña ausencia.
5. Ás veces unha alegría inmensa conmoveume.
6. Ás veces unha comprensión total invadeume.

7. Ás veces unha comunión perfecta con todo extasioume.
8. Ás veces rompín os meus entresóns e vin a realidade dun modo novo.
9. Ás veces recoñecín como visto novamente algo que vía por primeira vez.

...E todo iso deume que pensar. Ben me decato de que, sen esas experiencias, non podería saír do sen-sentido.

VI. SOÑO E ESPERTAR

O día cuarto.

1. Non podo tomar por real o que vexo nos meus soños, tampouco o que vexo en semisoño, tampouco o que vexo esperto pero entresoiando.
2. Podo tomar por real o que vexo esperto e sen entresoiño. Iso non fala do que rexistran os meus sentidos senón das actividades da miña mente cando se refiren aos «datos» pensados. Porque os datos inxenuos e dubidosos entreganos os sentidos externos e tamén os internos e tamén a memoria. O válido é que a miña mente o sabe cando está esperta e mesmo o cre cando está durmida. Rara vez percibo o real dun

modo novo e entón comprendo que o visto normalmente se parece ao soño ou ao semisoño.

Hai unha forma real de estar esperto: é a que me levou a meditar profundamente sobre o dito até aquí e é, ademais, a que me abriu a porta para descubrir o sentido de todo o existente.

VII. PRESENZA DA FORZA

O día quinto.

1. Cando estaba realmente esperto ía escalando de comprensión en comprensión.
2. Cando estaba realmente esperto e faltábame vigor para continuar no ascenso podía extraer a Forza de min mesmo. Ela estaba en todo o meu corpo. Toda a enerxía estaba até nas máis pequenas células do meu corpo. Esta enerxía circulaba e era máis veloz e intensa que o sangue.
3. Descubrín que a enerxía se concentraba nos puntos do meu corpo cando estes actuaban e ausentábase cando neles non había acción.

4. Durante as enfermidades, a enerxía faltaba ou acumulábase exactamente nos puntos afectados. Pero se lograba restablecer a súa pasaxe normal, moitas enfermidades empezaban a retroceder.

Algúns pobos coñeceron isto e actuaron restablecendo a enerxía mediante diversos procedementos hoxe estraños a nós.

Algúns pobos coñeceron isto e actuaron comunicando esa enerxía a outros. Entón producíronse «iluminacións» de comprensión e até «milagres» físicos.

VIII. CONTROL DA FORZA

O día sexto.

1. Hai unha forma de dirixir e concentrar a Forza que circula polo corpo.
2. Hai puntos de control no corpo. Deles depende o que coñecemos como movemento, emoción e idea. Cando a enerxía actúa neses puntos, prodúcense as manifestacións motrices, emotivas e intelectuais.
3. Segundo a enerxía actúe máis interna ou superficialmente no corpo xorde o soño profundo, o semisoño ou o estado de esperto... Seguramente, as auréolas que rodean o corpo ou a cabeza dos santos (ou dos grandes espertos), nas pinturas das relixións, aluden a ese

fenómeno da enerxía que, en ocasións, se manifesta máis externamente.

4. Hai un punto de control do estar-esper-to-verdadeiro e hai unha forma de levar a Forza até el.
5. Cando se leva a enerxía a ese lugar, todos os outros puntos de control móven-se alteradamente.

Ao entender isto e lanzar a Forza a ese punto superior, todo o meu corpo sentiu o impacto dunha enerxía enorme e ela golpeou fortemente na miña conciencia e ascendín de comprensión en comprensión. Pero tamén observei que podía baixar cara ás profundidades da mente se perdía o control da enerxía. Lembrei entón as lendas sobre os «ceos» e os «infernos» vendo a liña divisoria entre ambos os estados mentais.

IX. MANIFESTACIÓNS DA ENERXÍA

O día sétimo.

1. Esta enerxía en movemento podía «independizarse» do corpo mantendo a súa unidade.
2. Esta enerxía unida era unha sorte de «duplo corpo» que correspondía á representación cenestésica do propio corpo no interior do espazo de representación. Da existencia deste espazo, así como das representacións que correspondían ás sensacións internas do corpo, as ciencias que trataban sobre os fenómenos mentais non daban noticia suficiente.
3. A enerxía desdobra da (é dicir: imaxinada como «fóra» do corpo ou «separada»

da súa base material) disolvíase como imaxe ou representábase correctamente dependendo da unidade interna que tivese quen operaba así.

4. Puiden comprobar que a «exteriorización» desa enerxía que representaba o propio corpo como «fóra» do corpo, se producía xa desde os niveis máis baixos da mente. Neses casos, sucedía que o atentado contra a unidade máis primaria da vida provocaba esa resposta como salvagarda do ameazado. Por iso, no transo dalgúns médiums cuxo nivel de conciencia era baixo e cuxa unidade interna estaba en perigo, estas respostas eran involuntarias e non recoñecidas como producidas por eles mesmos senón atribuídas a outras entidades.

As «pantasma» ou «espíritos» dalgúns pobos ou dalgúns adiviños non eran senón os propios «dobres» (as propias representacións) daquelas persoas que se sentían tomadas por eles. Como o seu estado mental estaba escurecido (en transo), por perder control da Forza, sentíanse manexadas por seres estraños que ás veces producían fenómenos notables. Sen dúbida, moitos «endemoñados» sufriron tales efectos. O decisivo era, entón, o control da Forza.

Isto variaba por completo tanto a miña concepción da vida corrente como da vida posterior á morte. Mediante estes pensamentos e experiencias fun perdendo fe na morte e desde entón non creo nela, como non creo no sen-sentido da vida.



X. EVIDENCIA DO SENTIDO

O día oitavo.

1. A real importancia da vida esperta fíxose patente.
2. A real importancia de destruír as contradicións internas convenceume.
3. A real importancia de manexar a Forza, a fin de lograr unidade e continuidade, encheume dun alegre sentido.



XI. O CENTRO LUMINOSO

O día noveno.

1. Na Forza estaba a «luz» que proviña dun «centro».
2. Na disolución da enerxía había un afastamento do centro e na súa unificación e evolución, un correspondente funcionamento do centro luminoso.

Non me estrañou atopar en antigos pobos a devoción polo deus-Sol e comprendín que, se algúns adoraron o astro porque daba vida á súa terra e á natureza, outros advertiron nese corpo maxestoso o símbolo dunha realidade maior.

Houbo quen foi máis lonxe aínda e recibiu dese centro incontables dons que ás veces «descenderon» como linguas de lume sobre os inspirados, ás veces como esferas luminosas, ás veces como silvas ardentes que se presentaron ante o medorento crente.

XII. OS DESCUBRIMENTOS

O día décimo.

Poucos pero importantes foron os meus descubrimentos, que resumo deste xeito:

1. A Forza circula polo corpo involuntariamente, pero pode ser orientada por un esforzo consciente. O logro dun cambio dirixido, no nivel de conciencia, brinda ao ser humano un importante indicio de liberación das condicións «naturais» que parecen impoñerse á conciencia.
2. No corpo existen puntos de control das súas diversas actividades.
3. Hai diferenzas entre o estado de esparto-verdadeiro e outros niveis de conciencia.

4. Pode conducirse a Forza ao punto do real despertar (entendendo por «Forza» a enerxía mental que acompaña determinadas imaxes e por «punto» a localización dunha imaxe nun «lugar» do espazo de representación).

Estas conclusións fixéronme recoñecer nas oracións dos pobos antigos o xerme dunha gran verdade que se escureceu nos ritos e prácticas externas, non alcanzando eles a desenvolver o traballo interno que, realizado con perfección, pon ao home en contacto coa súa fonte luminosa. Finalmente, advertín que os meus «descubrimentos» non eran tales senón que se debían á revelación interior á que accede todo aquel que, sen contradicións, busca a luz no seu propio corazón.

XIII. OS PRINCIPIOS

Distinta é a actitude fronte á vida e ás cousas cando a revelación interna fere como o raio.

Seguindo os pasos lentamente, meditando o dito e o por dicir aínda, podes converter o sen-sentido en sentido. Non é indiferente o que fagas coa túa vida. A túa vida, sometida a leis, está exposta ante posibilidades a escoller. Eu non che falo de liberdade. Fáloche de liberación, de movemento, de proceso. Non che falo de liberdade como algo quieto, senón de liberarse paso a paso como se vai liberando do necesario camiño percorrido o que se achega á súa cidade. Entón, «o que se debe facer» non depende dunha moral afastada, incomprendible e convencional, senón de leis: leis de vida, de luz, de evolución.

Velaquí os chamados «Principios» que poden axudar na busca da unidade interior.

1. Ir contra a evolución das cousas é ir contra un mesmo.
2. Cando forzas algo cara a un fin produces o contrario.
3. Non te opoñas a unha gran forza. Retrocede até que aquela se debilite, entón avanza con resolución.
4. As cousas están ben cando marchan en conxunto, non illadamente.
5. Se para ti están ben o día e a noite, o verán e o inverno, superaches as contradicións.
6. Se persegues o pracer encadéaste ao sufrimento. Pero, en tanto non prexudiques

a túa saúde, goza sen inhibición cando a oportunidade se presente.

7. Se persegues un fin, encadéaste. Se todo o que fas realízalo coma se fose un fin en si mesmo, libérase.
8. Farás desaparecer os teus conflitos cando os entendas na súa última raíz non cando queiras resolvelos.
9. Cando prexudicas os demais quedas encadeado. Pero se non prexudicas outros podes facer canto queiras con liberdade.
10. Cando tratas os demais como queres que te traten, libérase.
11. Non importa en que bando te puxeron os acontecementos, o que importa é que comprendas que ti non elixiches ningún bando.

12. Os actos contraditorios ou unitivos acumúlanse en ti. Se repites os teus actos de unidade interna xa nada poderá deterte.

Serás como unha forza da Natureza cando ao seu paso non atopa resistencia. Aprende a distinguir aquilo que é dificultade, problema, inconveniente, disto que é contradición. Se aqueles te moven ou te incitan, esta inmobilízate en círculo pechado.

Cando atopas unha gran forza, alegría e bondade no teu corazón, ou cando te sintas libre e sen contradicións, inmediatamente agradece no teu interior. Cando che suceda o contrario, pide con fe e aquel agradecemento que acumulaches volverá convertido e ampliado en beneficio.

XIV. A GUÍA DO CAMIÑO INTERNO

Se comprendiches o explicado até aquí, ben podes experimentar, mediante un simple traballo, a manifestación da Forza. Agora ben, non é igual que observes unha posición mental máis ou menos correcta (coma se se tratase dunha disposición ao que facer técnico) a que asumas un ton e unha apertura emotiva próxima á que inspiran os poemas. É por iso que a linguaxe usada para transmitir estas verdades tende a facilitar esa postura que pon con maior facilidade en presenza da percepción interna e non dunha idea acerca da “percepción interna”.

Agora sigue con atención o que che vou explicar, xa que trata acerca da paisaxe interior que podes atopar ao traballar coa Forza e das direccións que podes imprimir aos teus movementos mentais:

«Polo camiño interno podes andar escurecido ou luminoso. Atende as dúas vías que se abren perante ti.

Se deixas que o teu ser se lance cara a rexións escuras, o teu corpo gaña a batalla e el domina. Entón brotarán sensacións e aparencias de espíritos, de forzas, de recordos. Por alí descéndese máis e máis. Alí están o Odio, a Vinganza, a Estrañeza, a Posesión, os Celos, o Desexo de Permanecer. Se descendes máis aínda, invadirate a Frustración, o Resentimento e todos aqueles soños e desexos que provocaron ruína e morte á humanidade.

Se impulsas o teu ser en dirección luminosa, atoparás resistencia e fatiga a cada paso. Esta fatiga do ascenso ten culpables. A túa vida pesa, os teus recordos pesan, as túas accións anteriores impiden o ascenso. Esta escalada é difícil por acción do teu corpo que tende a dominar.

*Nos pasos do ascenso atópanse rexións es-
trañas de cores puras e de sons non coñe-
cidos.*

*Non fuxas da purificación que actúa como
o lume e que arrepiá coas súas pantasma.*

Rexeita o sobresalto e o desalento.

*Rexeita o desexo de fuxir cara a rexións
baixas e escuras.*

Rexeita o apego aos recordos.

*Queda en liberdade interior con indiferenza
cara á ilusión o entresoño da paisaxe, con
resolución no ascenso.*

*A luz pura clarexa nos cumes das altas ca-
deas montañosas e as augas dos mil-cores
baixan entre melodías irrecoñecibles cara a
mesetas e pradarias cristalinas.*

Non temas a presión da luz que te afasta do seu centro cada vez máis fortemente. Absórbea coma se fose un líquido ou un vento porque nela, certamente, está a vida.

Cando na gran cadea montañosa atopas a cidade escondida debes coñecer a entrada. Pero isto saberalo no momento en que a túa vida sexa transformada. As súas enormes murallas están escritas en figuras, están escritas en cores, están «sentidas». Nesta cidade gárdase o feito e o por facer... Pero ao teu ollo interno é opaco o transparente. Si, os muros sonche impenetrables!

Toma a Forza da cidade escondida. Volve ao mundo da vida densa coa túa fronte e as túas mans luminosas».

XV. A EXPERIENCIA DE PAZ E A PASAXE DA FORZA

1. Relaxa plenamente o teu corpo e aquieita a mente. Entón, imaxina unha esfera transparente e luminosa que, baixando cara a ti, termina por aloxarse no teu corazón. Recoñecerás ao momento que a esfera deixa de aparecerse como imaxe para transformarse en sensación dentro do peito.
2. Observa como a sensación da esfera se expande lentamente desde o teu corazón cara fóra do corpo ao tempo que a túa respiración se fai máis ampla e profunda. Ao chegar a sensación aos límites do corpo, podes deter alí toda operación e rexistrar a experiencia de

paz interior. Nela podes permanecer o tempo que che pareza adecuado. Entón fai retroceder esa expansión anterior (chegando, como ao comezo, ao corazón) para desprenderte da túa esfera e concluír o exercicio calmo e reconfortado. A este traballo chámasele «experiencia de paz».

3. Pero, en cambio, se quixeses experimentar a pasaxe da Forza, en lugar de retroceder na expansión deberías aumentala deixando que as túas emocións e todo o teu ser a sigan. Non trates de poñer a túa atención na respiración. Deixa que ela actúe por si soa mentres segues a expansión fóra do teu corpo.
4. Debo repetirche isto: a túa atención, en tales momentos, debe estar na sensación da esfera que se expande. Se non podes lograr isto, convén que te deteñas e o

tentes noutra oportunidade. De todas as maneiras, se non produces a pasaxe poderás experimentar unha interesante sensación de paz.

5. Se, en cambio, fuches máis lonxe, comezarás a experimentar a pasaxe. Desde as túas mans e outras zonas do corpo chegarache un ton de sensación diferente ao habitual. Logo percibirás ondulacións progresivas e ao pouco tempo brotarán con vigor imaxes e emocións. Deixa entón que se produza a pasaxe...
6. Ao recibir a Forza percibirás a luz ou estraños sons dependentes do teu particular modo de representación habitual. En todo caso, importante será a experimentación da ampliación da conciencia, un de cuxos indicadores deberá ser unha maior lucidez e disposición para comprender o que ocorre.

7. Cando o desexes, podes terminar con ese singular estado (se é que antes non foi diluíndose polo simple transcorrer), imaxinando ou sentindo que a esfera se contrae e logo sae de ti do modo en que chegara ao comezar con todo aquilo.

8. Interesa comprender que numerosos estados alterados de conciencia foron e son logrados, case sempre, poñendo en marcha mecanismos similares aos descritos. Desde logo que, revestidos de estraños rituais ou, ás veces, reforzados por prácticas de esgotamento, desenfreo motriz, repetición e posturas que, en todos os casos, alteran a respiración e distorcen a sensación xeral do intracorpo. Debes recoñecer nese campo á hipnose, a mediumnidade e tamén a acción de droga que, actuando por outras vías, produce similares alteracións. E, por certo, todos os casos mencionados teñen por signo o

non control e o descoñecemento do que ocorre. Desconfía de tales manifestacións e considéraas como simples «tramos» polos que pasaron os ignorantes, os experimentadores e aínda os «santos», segundo contan as lendas.

9. Se traballaches observando o recomendado, pode suceder, non obstante, que non acadases a pasaxe. Iso non pode converterse en foco de preocupación, senón en indicador de falta de «soltura» interior, o que podería reflectir moita tensión, problemas na dinámica de imaxe e, en suma, fragmentación no comportamento emotivo... Cousa que, por outra banda, estará presente na túa vida cotiá.



XVI. PROXECCIÓN DA FORZA

1. Se experimentaches a pasaxe da Forza poderás comprender como, baseándose en fenómenos similares pero sen ningunha comprensión, distintos pobos puxeron en marcha ritos e cultos que logo se multiplicaron sen parar. Por medio de experiencias do tipo xa comentado, moitas persoas sentiron os seus corpos «desdoblados». A experiencia da Forza deulles a sensación de que esta enerxía podían proxectala fóra de si.
2. A Forza foi «proxectada» a outros e tamén a obxectos particularmente «apostos» para recibila e conserva-la. Confío en que non che será difícil entender a función con que cumpriron certos sacramentos en distintas relixións e, igualmente, o significado de lugares sacros

e de sacerdotes supostamente «cargados» coa Forza. Cando algúns obxectos foron adorados con fe nos templos e foron rodeados de cerimonia e rito, seguramente «devolveron» aos crentes a enerxía acumulada por oración repetida. É unha limitación ao coñecemento do feito humano, o que case sempre se visen estas cousas pola explicación externa segundo cultura, espazo, historia e tradición, cando a experiencia interna básica é un dato esencial para entender todo isto.

3. Este «proxectar», «cargar» e «restituír» a Forza volverá ocuparnos máis adiante. Pero desde xa dígoche que o mesmo mecanismo segue operando aínda en sociedades desacralizadas, onde os líderes e os homes de prestixio están nimbados dunha especial representación para aquel que os ve e quixera até «totalos»,

ou apoderarse dun fragmento das súas roupas, ou dos seus utensilios.

4. Porque toda representación do «alto» vai desde o ollo cara arriba da liña normal da mirada. E «altas» son as personalidades que «posúen» a bondade, a sabedoría e a forza. E no «alto» están as xerarquías e os poderes e as bandeiras e o Estado. E nós, comúns mortais, debemos «ascender» na escala social e achegármonos ao poder a todo custo. Que mal estamos, manexados aínda por eses mecanismos que coinciden coa representación interna, coa nosa cabeza no «alto» e os nosos pés pegados á terra. Que mal estamos, cando se cre nesas cousas (e crese porque teñen a súa «realidade» na representación interna). Que mal estamos, cando a nosa mirada externa non é senón proxección ignorada da interna.



XVII. PERDA E REPRESIÓN DA FORZA

1. As maiores descargas de enerxía prodúcese por actos descontrolados. Estes son: a imaxinación sen freo, a curiosidade sen control, a charla desmedida, a sexualidade excesiva e a percepción esaxerada (o mirar, ouvir, gustar, etc., de maneira desbordada e sen obxectivo). Pero debes recoñecer tamén que moitos proceden dese modo porque descargan as súas tensións que doutro xeito serían dolorosas. Considerando isto e vendo a función con que cumpren tales descargas, convirás comigo en que non é razoable reprimilas senón máis ben ordenalas.
2. En canto á sexualidade, debes interpretar correctamente isto: tal función non debe ser reprimida, porque neste caso

crea efectos mortificantes e contradición interna. A sexualidade oriéntase e conclúe no seu acto pero non é conveniente que siga afectando a imaxinación ou buscando novo obxecto de posesión de modo obsesivo.

3. O control do sexo por unha determinada «moral» social ou relixiosa serviu a desígnios que nada tiñan que ver coa evolución senón máis ben co contrario.
4. A Forza (a enerxía da representación da sensación do intracorpo), desdobrouse cara ao crepuscular nas sociedades reprimidas e alí multiplicáronse os casos de «endemoñados», «bruxos», sacrílegos e criminais de toda ralea, que gozaron co sufrimento e a destrución da vida e a beleza. Nalgunhas tribos e civilizacións, os criminais estiveron repartidos entre os que axustizaron e os

axustizados. Noutros casos, perseguiu-se a todo o que era ciencia e progreso porque se opuña ao irracional, ao crepuscular e ao reprimido.

5. En certos pobos primitivos existe aínda a represión do sexo así como noutros considerados de «civilización avanzada». É evidente que, nuns e outros, o signo destrutivo é grande, aínda que nos dous casos a orixe de tal situación sexa distinto.
6. Se me pides máis explicacións, direiche que o sexo é en realidade santo e é o centro desde o cal se impulsa a vida e toda creatividade. Así como desde alí tamén se impulsa toda destrución cando o seu funcionamento non está resolto.
7. Xamais creas as mentiras dos envelenadores da vida cando se refiren ao sexo

como algo desprezable. Pola contra, nel hai beleza e non en balde está relacionado cos mellores sentimentos do amor.

8. Sé coidadoso, entón, e considérao como unha gran marabilla que debe tratarse con delicadeza, sen convertelo en fonte de contradición ou desintegración da enerxía vital.

XVIII. ACCIÓN E REACCIÓN DA FORZA

Expliqueiche anteriormente: «Cando atopas unha gran forza, alegría e bondade no teu corazón, ou cando te sintas libre e sen contradicións, inmediatamente agradece no teu interior».

1. «Agradecer» significa concentrar os estados de ánimo positivos asociados a unha imaxe, a unha representación. Ese estado positivo así ligado permite que en situacións desfavorables, por evocar unha cousa, xurda aquela que a acompañou en momentos anteriores. Como, ademais, esta «carga» mental pode estar elevada por repeticións anteriores, ela é capaz de desaloxar emocións negativas que determinadas circunstancias puidesen impoñer.

2. Por todo iso, desde o teu interior volverá ampliado en beneficio aquilo que pediras sempre que acumulases en ti numerosos estados positivos. E xa non necesito repetir que este mecanismo serviu (confusamente) para «cargar fóra» obxectos ou persoas, ou ben entidades internas que se «proxectaron», créndose que atenderían rogos e pedidos.

XIX. OS ESTADOS INTERNOS

Debes adquirir agora suficiente percepción dos estados internos nos que te podes atopar ao longo da túa vida e, particularmente, ao longo do teu traballo evolutivo. Non teño outra maneira de facer a descrición que con imaxes (neste caso, alegorías). Estas, segundo me parece, teñen por virtude concentrar «visualmente» estados de ánimo complexos. Por outra banda, a singularidade de encadear tales estados, coma se fosen distintos momentos dun mesmo proceso, introduce unha variante nas descricións sempre fragmentadas a que nos afixeron aqueles que se ocupan destas cousas.

1. O primeiro estado, no que prevalece o sen-sentido (aquel que mencionamos ao comezo), será chamado «vitalidade difusa». Todo se orienta polas necesidades

físicas, pero estas son confundidas, a miúdo, con desexos e imaxes contraditorias. Alí hai escuridade nos motivos e os quefaceres. Permanécese nese estado vexetando, perdido entre formas variables. Desde ese punto pódese evolucionar só por dúas vías: a vía da morte ou a da mutación.

2. A vía da morte ponte en presenza dunha paisaxe caótica e escura. Os antigos coñeceron esta paisaxe e case sempre a situaron «baixo terra», ou nas profundidades abisais. Tamén algúns visitaron ese reino para logo «resucitar» en niveis luminosos. Capta ben isto de que «abaixo» da morte existe a vitalidade difusa. Talvez a mente humana relacione a desintegración mortal con posteriores fenómenos de transformación e, tamén, talvez asocie o movemento difuso co previo ao nacemento. Se a túa dirección

é de ascenso, a «morte» significa un rompemento coa túa etapa anterior. Pola vía da morte ascéndese cara a outro estado.

3. Chegando a el atópase o refuxio da regresión. Desde alí ábrense dous camiños: o do arrepentimento e aquel outro que serviu para o ascenso, é dicir: o camiño da morte. Se tomas o primeiro é porque a túa decisión tende a romper coa túa vida pasada. Se regresas polo camiño da morte, recaes nos abismos con esa sensación de círculo pechado.
4. Agora ben, díxenche que había outro carreiro para escapar da vitalidade abismal, ese era o da mutación. Se elixes esa vía é porque queres emerxer do teu penoso estado pero sen estar disposto a abandonar algúns dos seus aparentes beneficios. É, pois, un falso camiño coñecido como da «man torta». Moitos

monstros saíron das profundidades dese tortuoso pasadizo. Eles quixeron tomar os ceos por asalto sen abandonar os infernos e, por tanto, proxectaron no mundo medio infinita contradición.

5. Supoño que, ascendendo desde o reino da morte e polo teu consciente arrepentimento, arribaches xa á morada da tendencia. Dúas delgadas cornixas sosteñen a túa morada: a conservación e a frustración. A conservación é falsa e inestable. Camiñando por ela ilusiúnaste coa idea de permanencia, pero en realidade descendes velozmente. Se tomas o camiño da frustración a túa subida é penosa, aínda que única-non-falsa
6. De fracaso en fracaso podes chegar ao próximo descanso, o que se chama «morada do desvío». Coidado coas dúas vías que tes agora por diante: ou tomas

o camiño da resolución, que te leva á xeración, ou tomas o do resentimento, que te fai descender novamente cara á regresión. Alí estás plantado fronte ao dilema: ou te decides polo labirinto da vida consciente (e falo con resolución), ou regresas resentido á túa vida anterior. Son numerosos os que, non logrando superarse, cortan alí as súas posibilidades.

7. Pero ti que ascendiches con resolución atópaste agora na pousada coñecida como «Xeración». Alí tes tres portas: unha chámase «Caída», outra «Intento» e a terceira «Degradación». A Caída lévate directamente ás profundidades e só un accidente externo podería empurrarte cara a ela. É difícil que elixas esa porta. Mentres que aquela da Degradación te leva indirectamente aos abismos, desandando camiños, nunha

sorte de espiral turbulenta na que reconsideras de continuo todo o perdido e todo o sacrificado. Este exame de conciencia que leva á Degradación é, por certo, un falso exame no que subestimas e desproporcionas algunhas cousas que comparas. Ti cotexas o esforzo do ascenso con aqueles «beneficios» que abandonaches. Pero, se miras as cousas máis de preto, verás que non abandonaches nada por este motivo senón por outros. A Degradación comeza pois falseando os motivos que, ao parecer, foron alleos ao ascenso. Eu pregunto agora: Que traizoa a mente? Seica os falsos motivos dun entusiasmo inicial? Seica a dificultade da empresa? Seica o falso recordo de sacrificios que non existiron, ou que foron impulsados por outros motivos? Eu dígoche e pregúntoche agora: a túa casa incendiouse hai tempo. Por iso decidiches o

ascenso, ou agora pensas que por ascender foi que se incendiou? Seica miraches un pouco o que sucedeu a outras casas dos arredores?... Non cabe dúbida que debes elixir a porta media.

8. Sube pola escalinata do Intento e chegarás a unha cúpula inestable. Desde alí, desprázate por un corredor estreito e sinuoso que coñecerás como a «volubilidadade», até chegar a un espazo amplo e baleiro (como unha plataforma), que leva por nome: «espazo-aberto-da-enerxía».
9. Nese espazo podes espantarte pola paisaxe deserta e inmensa e polo aterrador silencio desa noite transfigurada por enormes estrelas inmóbiles. Alí, exactamente sobre a túa cabeza, verás cravada no firmamento a insinuante forma da Lúa Negra... unha estraña lúa eclipsada que se opón exactamente ao Sol.

Alí debes esperar a alborada, paciente e con fe, pois nada malo pode ocorrer se te mantés calmo.

10. Podería suceder en tal situación que quixeses arranxar unha saída inmediata de alí. Se tal ocorre, poderías ás apalpadelas encamiñarte a calquera lugar con tal de non esperar o día prudentemente. Debes lembrar que todo movemento alí (na escuridade), é falso e xenericamente é chamado «improvisación». Se, esquecéndote do que agora menciono, comezases a improvisar movementos, ten a certeza de que serías arrastrado por un bulebule entre carreiros e moradas até o fondo máis escuro da disolución.
11. Que difícil resulta comprender que os estados internos están encadeados uns a outros! Se vises que lóxica inflexible ten a conciencia, advertirías que

na situación descrita quen improvisa a cegas fatalmente comeza a degradar e a degradarse; xorden despois nel os sentimentos de frustración e vai caendo logo no resentimento e na morte, sobrevivindo o esquecemento de todo o que algún día alcanzou a percibir.

12. Se na chaira logras alcanzar o día xurdirá, ante os teus ollos o radiante Sol que deberá alumarte por vez primeira a realidade. Entón verás que en todo o existente vive un Plan.
13. É difícil que caias desde alí, salvo que voluntariamente queiras descender cara a rexións máis escuras para levar a luz ás tebras.

Non é valioso desenvolver máis estes temas porque sen experiencia enganar, trasladando

ao campo do imaxinario o realizable. Que sirva o dito até aquí. Se o explicado non che fose útil que poderías obxectar, xa que nada ten fundamento e razón para o escepticismo, próximo á imaxe dun espello, ao son dun eco, á sombra dunha sombra.

XX. A REALIDADE INTERIOR

1. Repara nas miñas consideracións. Nelas non poderás intuír senón alegóricos fenómenos e paisaxes do mundo externo. Pero tamén nelas hai descricións reais do mundo mental.
2. Tampouco debes crer que os «lugares» por onde pasas no teu andar teñan algún tipo de existencia independente. Semeillante confusión fixo a miúdo escurecer profundas ensinanzas e así, até hoxe, algúns cren que ceos, infernos, anxos, demos, monstros, castelos encantados, cidades remotas e demais, teñen realidade visible para os «iluminados». O mesmo prexuízo, pero con interpretación inversa, fixo presa de escépticos sen sabedoría que tomaron esas cousas

por simples ilusi3ns ou alucinaci3ns pa-
decidas por mentes afebradas.

3. Debo repetir, ent3n, que en todo isto debes comprender que se trata de verdadeiros estados mentais, a3nda que simbolizados con obxectos propios do mundo externo.
4. Toma en conta o dito e aprende a descubrir a verdade tras as alegor3as que en ocasi3ns desv3an a mente, pero que noutras traducen realidades imposibles de captar sen representaci3n.

Cando se falou das cidades dos deuses onde quixeron arribar numerosos heroes de distintos pobos; cando se falou de para3sos en que deuses e homes conviv3an en orixinal natureza transfigurada; cando se falou de ca3das e diluvios, d3xose gran verdade interior.

Logo, os redentores trouxeron as súas mensaxes e chegaron a nós en dupla natureza, para restablecer aquela nostálxica unidade perdida. Tamén entón se dixo gran verdade interior.

Con todo, cando se dixo todo aquilo colocándoo fóra da mente, errouse ou mentiuse. Inversamente, o mundo externo confundido coa interna mirada obriga esta a percorrer novos camiños.

Así, hoxe voa cara ás estrelas o heroe desta idade. Voa a través de rexións antes ignoradas. Voa cara a fóra do seu mundo e, sen sabelo, vai impulsado até o interno e luminoso centro.



A EXPERIENCIA



OFICIO

Faise a pedido dun conxunto de persoas.

Oficiante: A miña mente está inqueda.

Conxunto: A miña mente está inqueda.

Oficiante: O meu corazón sobresaltado.

Conxunto: O meu corazón sobresaltado.

Oficiante: O meu corpo tenso.

Conxunto: O meu corpo tenso.

Oficiante: Afrouxo o meu corpo, o meu corazón e a miña mente.

Conxunto: Afrouxo o meu corpo, o meu corazón e a miña mente.

No posible, os concorrentes están sentados. O Auxiliar érguese e cita un Principio ou pensamento da Mirada Interna de acordo coas circunstancias, convidando á

meditación sobre o mesmo. Pasan uns minutos e finalmente o Oficiante, de pé, le lentamente as frases seguintes, deténdose en cada unha delas.

Oficiante: Relaxa plenamente o teu corpo e aquieta a mente...

Entón, imaxina unha esfera transparente e luminosa que baixando até ti, termina por aloxarse no teu corazón...

Recoñecerás que a esfera comeza a transformarse nunha sensación expansiva dentro do teu peito...

A sensación da esfera expándese desde o teu corazón cara a fóra do corpo, mentres amplías a túa respiración...

Nas túas mans e o resto do corpo terás novas sensacións.

Percibirás ondulacións progresivas e brotarán emocións e recordos positivos...

Deixa que se produza a pasaxe da Forza libremente. Esa Forza que dá enerxía ao teu corpo e mente...

Deixa que a Forza se manifeste en ti...

Trata de ver a súa luz dentro dos teus ollos e non impidas que ela obre por si soa...

Sinte a Forza e a súa luminosidade interna...

Deixa que se manifeste libremente...

Auxiliar: Con esta Forza que recibimos, concentremos a mente no cumprimento daquilo que necesitamos realmente...

Convida a todos a que se poñan de pé para que efectúen o Pedido. Logo transcorre un tempo.

Oficiante: Paz, Forza e Alegría!

Conxunto: Tamén para ti, Paz, Forza e Alegría.



IMPOSICIÓN

Faise a pedido dunha ou varias persoas. Oficiante e Auxiliar están de pé.

Oficiante: A miña mente está inqueda.

Conxunto: A miña mente está inqueda.

Oficiante: O meu corazón sobresaltado.

Conxunto: O meu corazón sobresaltado.

Oficiante: O meu corpo tenso.

Conxunto: O meu corpo tenso.

Oficiante: Afrouxo o meu corpo, o meu corazón e a miña mente.

Conxunto: Afrouxo o meu corpo, o meu corazón e a miña mente.

Oficiante e Auxiliar sentan, deixando transcorrer un tempo. O Oficiante ponse de pé.

Oficiante: Se queres recibir a Forza, debes comprender que no momento da Imposición comezarás a experimentar novas sensacións. Percibirás ondulacións progresivas e brotarán emocións e recordos positivos. Cando iso ocorra, deixa que se produza a pasaxe da Forza libremente...

Deixa que a Forza se manifieste en ti e non impidas que ela obre por si soa...

Sente a Forza e a súa luminosidade interna...

Deixa que se manifieste libremente...

Pasado un tempo, o Auxiliar ponse de pé.

Auxiliar: : Quen desexe recibir a Forza, pódese poñer de pé.

O Auxiliar convida, de acordo co número dos concorrentes, a permanecer de pé á beira dos asentos ou a formar un círculo arredor do Oficiante. Pasado un momento, o Oficiante comeza a imposición. O Auxiliar, se é o caso, facilita os desprazamentos dos partícipes e, ocasionalmente, acompaña algúns até os seus asentos. Terminada a Imposición, dáse un tempo de asimilación da experiencia.

Auxiliar: Con esta Forza que recibimos, concentremos a mente no cumprimento daquilo que necesitamos realmente, ou ben concentremos a mente naquilo que alguén moi querido necesita realmente.

Convida a todos a que se poñan de pé para que efectúen silenciosamente os seus pedidos. En ocasións, algún dos concorrentes formula un Pedido para alguén presente ou ausente.

Oficiante: Paz, Forza e Alegría!

Conxunto: Tamén para ti, Paz, Forza e Alegría.



BENESTAR

Faise a pedido dun conxunto de persoas. Os partícipes, no posible, están sentados. Oficiante e auxiliar de pé.

Auxiliar: Aquí estamos reunidos para lembrar os nosos seres queridos. Algúns deles teñen dificultades na súa vida afectiva, na súa vida de relación, ou na súa saúde. Cara a eles diriximos os nosos pensamentos e os nosos mellores desexos.

Oficiante: Confiamos en que chegue até eles o noso pedido de benestar. Pensamos nos nosos seres queridos; sentimos a presenza dos nosos seres queridos e experimentamos o contacto cos nosos seres queridos.

Auxiliar: Tomaremos un curto tempo para meditar nas dificultades que padecen esas persoas...

Danse uns poucos minutos para que os concurrentes poidan meditar.

Oficiante: Quixeramos agora facer sentir a aquelas persoas os nosos mellores desexos. Unha onda de alivio e benestar debe chegar até elas...

Auxiliar: Tomaremos un curto tempo para situar mentalmente a situación de benestar que desexamos aos nosos seres queridos.

Danse uns poucos minutos para que os concurrentes poidan concentrar a súa mente.

Oficiante: Concluiremos esta cerimonia dando a oportunidade, a quen así o desexe, de sentir a presenza daqueles seres moi queridos que, aínda que non están aquí no noso tempo e no noso espazo, se relacionan connosco na experiencia do amor, a paz e a cálida alegría...

Dáse un curto tempo.

Oficiante: Isto foi bo para outros, reconfortante para nós e inspirador para as nosas vidas. Saudamos a todos, inmersos nesta correntada de benestar, reforzada polos bos desexos dos aquí presentes.

PROTECCIÓN

Cerimonia de participación individual ou colectiva. Todos de pé. Oficiante e Auxiliar fronte aos nenos e estes, rodeados polos concorrentes.

Auxiliar: Esta cerimonia ten por obxecto dar participación aos nenos na nosa comunidade.

Desde antigo, os nenos foron obxecto de cerimonias como bautismos, imposicións de nome, etc. Mediante elas recoñeceuse o cambio de situación, o cambio de etapa no ser humano.

Existiron e existen certas formalidades civís mediante as cales se fai constar o nacemento, o lugar en que o feito se produciu, etc. Pero a transcendencia espiritual que acompaña a unha cerimonia deste tipo nada ten a ver coa frialdade das constancias escritas senón que está ligada ao xúbilo dos pais e da comunidade, ao ser presentados os nenos publicamente.

Esta é unha cerimonia mediante a cal o estado dos nenos cambia ao converterse en partícipes

dunha comunidade que se compromete a facerse cargo deles en caso que desafortunadas circunstancias os deixasen desvalidos.

Nesta cerimonia pídese protección para os nenos e a comunidade acólleos como novos fillos.

Pasado un tempo, o Oficiante diríxese amablemente aos presentes.

Oficiante: Pedimos protección para estes nenos.

Auxiliar: Acollémoslos con xúbilo e comprometémonos a darlles protección.

Oficiante: Elevemos agora os nosos mellores desexos... Paz e alegría para todos!

Impón amablemente unha man sobre a cabeza de cada neno e bícao na fronte.



MATRIMONIO

Todos de pé. Unha ou varias parellas. Oficiante e Auxiliar de fronte ás parellas.

Auxiliar: Desde tempos remotos, os casamentos foron cerimoniais de cambio de estado das persoas.

Cando alguén remata ou comeza unha nova etapa da vida, adoita acompañar a esa situación cun determinado ritual. A nosa vida persoal e social está ligada a rituais máis ou menos aceptados polos costumes. Dicimos os nosos saúdos á mañá, distintos que á noite; estreitamos a man a un coñecido; festexamos uns aniversarios, unha culminación de estudos ou un cambio de traballo. Os nosos deportes están acompañados de ritual e as nosas cerimoniais relixiosas, partidarias e cívicas colócanos na situación adecuada segundo sexa o caso.

O matrimonio é un cambio importante no estado das persoas e en todas as nacións tal feito esixe certas formalidades legais. É

dicir, que a relación conxugal sitúa os consortes nunha nova situación con respecto á comunidade e ao Estado. Pero cando unha parella establece vínculos conxugais faino pensando nun novo estilo de vida, faino con sentimento profundo e non con espírito formal.

Hai, por conseguinte, nesta cerimonia de cambio de estado a intención de establecer un vínculo novo e, no posible, duradeiro con outra persoa. Hai o desexo de recibir do outro o mellor e dar ao outro o mellor. Hai a intención de levar o vínculo máis lonxe, traendo ao mundo ou adoptando nenos.

Vendo así o casamento, concedemos importancia á legalidade do vínculo, pero en canto ao sentido espiritual e emocional dicimos que unicamente os cónxuxes dan significado a esta cerimonia.

Noutras palabras. Esta cerimonia pon a dous seres humanos en situación de emprender unha vida nova e é nesta cerimonia onde os contraentes realizan esa profunda unión de acordo co seu propio sentir.

Nós non casamos senón que eles casan diante da nosa comunidade.

Oficiante: E para que esta cerimonia sexa propia e verdadeira, preguntamos: (*dirixíndose a un membro da parella*) Que é para ti este matrimonio?

Quen é demandado explica en voz alta...

Oficiante: (*Dirixíndose ao outro membro*).
Que é para ti este matrimonio?

Quen é demandado explica en voz alta...

Oficiante: Por conseguinte, este matrimonio será de acordo cos desexos expresados e coas intencións máis profundas. (*Saúda afectuosamente a/s parella/s*).



ASISTENCIA

Esta é unha cerimonia de moito afecto e esixe que quen a realiza dea o mellor de si.

A cerimonia pode ser repetida a pedido do interesado ou daqueles que coidan del.

O Oficiante a soas co moribundo.

Sexa cal sexa o aparente estado de lucidez ou inconsciencia do moribundo, o Oficiante aproxímase a el falando con voz suave, clara e pausada.

Oficiante: Os recordos da túa vida son o xuízo das túas accións. Podes, en pouco tempo, lembrar moito do mellor que hai en ti. Lembra entón, pero sen sobresalto, e purifica a túa memoria. Lembra suavemente e tranquiliza a túa mente...

Fai silencio por uns minutos, retomando logo a palabra co mesmo ton e intensidade.

Rexeita agora o sobresalto e o desalento.

Rexeita agora o desexo de fuxir cara a rexións escuras...

Rexeita agora o apego aos recordos...

Queda agora en liberdade interior, con indiferenza ao entresoño da paisaxe...

.....

Toma agora a resolución do ascenso...

A Luz pura clarexa nos cumes das altas cadeas montañosas e as augas das mil-cores baixan entre melodías irrecoñecibles cara a mesetas e pradarias cristalinas...

Non temas a presión da Luz que te afasta do seu centro cada vez máis fortemente. Absórbea coma se fose un líquido ou un vento porque nela, certamente, está a vida...

Cando na gran cadea montañosa atopas a cidade escondida, debes coñecer a entrada. Pero isto saberalo no momento en que a túa vida sexa transformada. As súas enormes murallas están escritas en figuras, están escritas en cores, están «sentidas». Nesta cidade gárdase o feito e o por facer...

Fai un breve silencio, retomando logo a palabra co mesmo ton e intensidade.

Estás reconciliado...

Estás purificado...

Prepárate a entrar na máis fermosa Cidade da Luz, nesta cidade xamais percibida polo ollo, nunca escoitada no seu canto polo oído humano...

Ven, prepárate a entrar na máis fermosa Luz...

MORTE

Oficiante: A vida cesou neste corpo. Debemos facer un esforzo para separar na nosa mente a imaxe deste corpo e a imaxe de quen agora lembramos...

Este corpo non nos escoita. Este corpo non é quen nós lembramos...

Aquel que non sente a presenza doutra vida separada do corpo, considere que, aínda que a morte paralizase ao corpo, as accións realizadas seguen actuando e a súa influencia non se deterá xamais. Esta cadea de accións desatadas en vida non pode ser detida pola morte. Que profunda é a meditación arredor desta verdade, aínda que non se comprenda totalmente a transformación dunha acción noutra!

E aquel que sente a presenza doutra vida separada, considere igualmente que a morte só paralizou o corpo; que a mente, unha

vez máis, se liberou triunfalmente e ábrese
paso cara á Luz...

Sexa cal for o noso parecer, non choremos
os corpos. Meditemos máis ben na raíz das
nosas crenzas e unha suave e silenciosa ale-
gría chegará até nós...

Paz no corazón, luz no entendemento!



RECOÑECIMENTO

O Recoñecemento é unha cerimonia de inclusión na Comunidade. Inclusión por experiencias comúns, por ideais, actitudes e procedementos compartidos.

Realízase a pedido dun conxunto de persoas e logo dun Oficio. Quen vaia participar debe contar co texto escrito.

Oficiante e Auxiliar de pé.

Auxiliar: A realización desta cerimonia foi pedida por aquelas persoas que desexan incluírse activamente na nosa Comunidade. Aquí expresárase un compromiso persoal e conxunto para traballar polo melloramento da vida de cada un e polo melloramento da vida do noso próximo.

O auxiliar convida a quen desexa dar testemuño a que se poña de pé.

Oficiante: A dor e o sufrimento que experimentamos os seres humanos retrocederán se avanza o bo coñecemento, non o coñecemento ao servizo do egoísmo e a opresión.

O bo coñecemento leva á xustiza.

O bo coñecemento leva á reconciliación.

O bo coñecemento leva, tamén, a descifrar o sacro na profundidade da conciencia.

Auxiliar (*e conxunto de quen testemuña, lendo*):

Consideramos o ser humano como máximo valor por riba do diñeiro, do Estado, da relixión, dos modelos e dos sistemas sociais.

Impulsamos a liberdade de pensamento.

Propiciamos a igualdade de dereitos e a igualdade de oportunidades para todos os seres humanos.

Recoñecemos e alentamos a diversidade de costumes e culturas.

Opoñémonos a toda discriminación.

Consagramos a resistencia xusta contra toda forma de violencia física, económica, racial, relixiosa, sexual, psicolóxica e moral.

Oficiante: Por outra banda, así como ningún ten dereito a discriminar outros pola súa relixión ou a súa irrelixiosidade, reclamamos para nós o dereito a proclamar a nosa espiritualidade e crenza na inmortalidade e no sacro.

A nosa espiritualidade non é a espiritualidade da superstición, non é a espiritualidade da intolerancia, non é a espiritualidade do dogma, non é a espiritualidade da violencia relixiosa; é a espiritualidade que espertou do seu profundo soño para nutrir os seres humanos nas súas mellores aspiracións.

Auxiliar (*e conxunto de quen testemuña, lendo*):

Queremos dar coherencia ás nosas vidas facendo coincidir o que pensamos, sentimos e facemos.

Desexamos superar a mala conciencia recoñecendo os nosos fracasos.

Aspiramos a persuadir e a reconciliar.

Propoñémonos dar crecente cumprimento a esa regra que nos lembra «tratar os demais como queremos ser tratados».

Oficiante: Comezaremos unha vida nova.

Buscaremos no noso interior os signos do sacro e levaremos a outros a nosa mensaxe.

Auxiliar (*e conxunto de quen testemuña, lendo*):

Hoxe comezaremos a renovación da nosa vida. Comezaremos buscando a paz mental e a Forza que nos dea alegría e convicción. Despois, iremos até as persoas máis próximas para compartir con elas todo o grande e bo que nos ocorreu.

Oficiante: Para todos Paz, Forza e Alegría.

Auxiliar (*e todos os presentes*): Tamén para ti Paz, Forza e Alegría.

O CAMIÑO



Se cres que a túa vida remata coa morte, o que pensas, sentes e fas, non ten sentido. Todo conclúe na incoherencia, na desintegración.

Se cres que a túa vida non remata coa morte, debe coincidir o que pensas co que sentes e co que fas. Todo debe avanzar cara á coherencia, cara á unidade.

Se es indiferente á dor e o sufrimento dos demais, toda axuda que pidas non atopará xustificación.

Se non es indiferente á dor e sufrimento dos demais, debes facer que coincida o que sentes co que penses e fagas para axudar a outros.

Aprende a tratar os demais do modo em que
queres ser tratado.

Aprende a superar a dor e o sofrimento em ti, no teu próximo e na sociedade humana.

Aprende a resistir a violencia que hai en ti
e fóra de ti.

Aprende a reconhecer os signos do sacro en
ti e fóra de ti.

Non deixes pasar a túa vida sen preguntarte: «Quen son?».

Non deixes pasar a túa vida sen preguntarte: «Cara a onde vou?».

Non deixes pasar un día sen responderte
quen es.

Non deixes pasar un día sen responderte
cara a onde vas.

Non deixes pasar unha grande alegría sen agradecer no teu interior.

Non deixes pasar unha gran tristeza sen reclamar no teu interior aquela alegría que quedou gardada.

Non imaxines que estas só na túa vila, na
túa cidade, na Terra e nos infinitos mundos.

Non imaxines que estás encadeado a este tempo e a este espazo.

Non imaxines que na túa morte se eterniza
a soidade.



ÍNDICE

O LIBRO	9
I. A meditación	11
II. Disposición para comprender ...	13
III. O sen-sentido	15
IV. A dependencia	19
V. Sospeita do sentido.....	21
VI. Soño e espertar	23
VII. Presenza da Forza	25
VIII. Control da Forza	27
IX. Manifestacións da enerxía	29
X. Evidencia do sentido.....	33
XI. O centro luminoso.....	35
XII. Os descubrimentos	37
XIII. Os principios	39
XIV. A guía do camiño interno	43
XV. A experiencia de paz e a pasaxe da Forza.....	47

XVI. Proxección da Forza.....	53
XVII. Perda e represión da Forza	57
XVIII. Acción e reacción da Forza	61
XIX. Os estados internos.....	63
XX. A realidade interior.....	73
A EXPERIENCIA	77
Oficio.....	79
Imposición	85
Benestar	91
Protección	95
Matrimonio.....	99
Asistencia	105
Morte.....	109
Recoñecemento	113
O CAMIÑO.....	119

NOTAS



